

CIRCULAR 255

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

XULLO / AGOSTO 2015



XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa / Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía e Coordinador coas Seccións de Psicoloxía da Intervención Social e Xurídica



Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde



Marta Rivas Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 256 de setembro/outubro de 2015,
e sairá a principios do mes de novembro de 2015.
A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de setembro.

5	Información Xeral
11	Información das Seccións
17	Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)
18	Comisión de Ética e Deontoloxía
22	Cursos, Xornadas e Congresos

Editorial

A pobreza infantil, un bucle tóxico

Ana deixa repousar a cabeza sobre o puño pechado, descansando no pupitre. Unha pequena desconexión mentres o profesor comeza a explicar a lección. Está cansa porque non durmiu moito e ademais, só almorzou unha cunca de leite bebido. Ultimamente, durme peor: cústalle conciliar o sono cando seu pai e súa nai están a discutir porque veu unha nova carta do banco. Desde hai tres anos escoita moitas discusións, máis nos últimos meses, cando seu pai deixou de cobrar o paro. El está triste, a súa nai enfadada, e na casa tamén chegou a política de recortes. Comezou polas vacacións, entraron as marcas brancas, hai meses que se compran larpeiradas, cortaron internet. As cousas están mal, así que xa non pregunta.

En Galicia hai máis de 18.000 fogares coma o de Ana, familias con menores en situación de pobreza infantil, que afecta a un de cada cinco nenos. A carestía de alimentos (que non poden permitirse carne ou peixe cada 2 días) é a realidade de 4.100 familias galegas. Desde 2007, a pobreza infantil incrementouse en 6 puntos na nosa Comunidade, superando o 22%. Un contexto que ten que ver cun forte incremento do número de fogares sen ingreso ningún, co aumento do número de persoas en situación de desemprego de longa duración e coa redución das taxas de cobertura social.

A pobreza infantil non é unicamente un problema do momento: as carencias repercuten na súa vida adulta, no seu desenvolvemento físico, psicolóxico e educativo, agravándose nas idades máis temperás. As privacións vividas ata os 5 anos poden marcar a súa saúde na idade adulta, a súa personalidade, a súas relacións sociais, etc. Inflúen de forma evidente no seu desenvolvemento intelectual, con maiores riscos de deterioro cognitivo, fracaso escolar e polo tanto, de exclusión social. Ademais, presentan con maior frecuencia depresión, problemas de seguridade, trastornos de ansiedade ou inestabilidade emocional.

Cando as necesidades máis básicas están en cuestión, priman sobre todas as demais: son fogares nos que se vive con moita tensión, con estrés, coa ameaza do desafiuzamento, no que se descoidan inevitablemente aspectos tan importantes para o desenvolvemento do neno ou nena, como a súa estimulación cognitiva ou aspectos afectivos e emocionais. Téndese a pensar en que os efectos da pobreza infantil son unicamente a nivel de malnutrición ou de enfermidades polas condicións ambientais, pero van moito máis alá. Repercuten nos seus resultados educativos –ao cansazo e á preocupación pola situación do fogar únese o cansazo físico por unha alimentación deficiente– e isto redundando en peores oportunidades laborais na idade adulta, unha espiral tóxica que impide saír da situación de carestía.

Pouco se reflexiona sobre políticas da infancia, posiblemente teña que ver con que os nenos e nenas non votan. Cómpre levar o debate máis alá da apertura ou non dos comedores escolares no verán para garantir unha comida completa ao día: unha medida transitoria e estigmatizadora, pero que non ofrece un camiño. A saída pasa por ofrecer mecanismos contra a pobreza e a exclusión, en forma de salarios ou de servizos. Que a loita contra a pobreza sexa integral, cunha aposta decidida e non simbólica das Administracións a través de políticas públicas suficientemente dotadas economicamente para permitir que os nenos e nenas deixen esta situación de pobreza, xunto con medidas que palíen de inmediato o dano que está a provocar nesta crecente problemática social. Unha coxuntura que se agravou coa crise económica e co recorte dos recursos de protección social, pero que antes de 2008 xa se mantiña por riba do 21% no total do Estado, co que podemos cualificalo como un problema estrutural.

En representación do Colexio

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 3 de xullo ao Pleno da Xunta Directiva e a Asemblea Xeral Ordinaria de Unión Profesional de Galicia, celebrada en Santiago de Compostela.

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela o pasado 9 de xullo.




M^a Leonor Galiana Caballero

M^a Leonor Galiana Caballero, vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social asistiu ás reunións das sesións extraordinarias do pleno do Consello Galego de Benestar Social celebradas o 17 de xullo 3 de agosto en Santiago de Compostela.

M^a Dolores González Fernández, coordinadora da Comisión de Deporte do COPG, asistiu o 20 de xullo ao acto inaugural do Congreso internacional de fútbol e psicoloxía que se celebrou en Santiago de Compostela do 20 ao 24 de xullo.

Fátima López Rodríguez, coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (PAPMVX), e Rubén Villar Trencó, coordinador do Programa de Abramos o Círculo, asistiron o 17 de xuño, en Santiago de Compostela, á reunión do Subgrupo Técnico para a elaboración dun Protocolo de Coordinación Institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma Galega, integrado no Observatorio Galego da Violencia de Xénero da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.



Fátima López e Rubén Villar

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Xunta de Goberno do Consejo General de la Psicología celebrada en Segovia os días 19 e 20 de xuño.

M^a Dolores González Fernández, coordinadora da Comisión de Deporte do COPG, asistiu ao II Encontro anual interterritorial da División de Psicoloxía da Actividade Física e o Deporte do Consejo General de la Psicología e as III Xornadas Nacionais de Psicoloxía do Deporte organizadas polo Consejo General de la Psicología e que tiveron lugar o 26 e 27 de xuño en Madrid.

José Luis Domínguez Rey, coordinador da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, asistiu o 26 de xuño en Valencia á reunión da Xunta Directiva da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de la Psicología. Por outra banda, o 27 de xuño participou no III Encontro anual interterritorial de representantes da División de PTORH celebrado tamén en Valencia.

Alegacións presentadas polo COPG

Ante a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia

■ O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou unha serie de alegacións e comentarios ao proxecto de Decreto polo que se establecen os requisitos específicos de funcionamento e acreditación dos servizos definidos pola carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, regulada polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro.



M^a Rosa Álvarez Prada



M^a Dolores González Fdez.



José Luis Domínguez Rey

AVISOS

Restro de psicólogos e psicólogas especialistas en Psicoloxía Clínica

O COPG creou un restro de psicólogos e psicólogas especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñan acadado esta titulación do Ministerio e aínda non a presentaron no COPG, terán que achegar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao seu expediente colexial e quedar debidamente anotado no citado restro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

Actualización de datos

Desde o COPG realizamos a maioría de comunicacións por e-mail.

Lembra actualizar o teu enderezo electrónico en copgalicia@cop.es

■ Presentouse recurso de reposición á resolución do 3 de xullo de 2015 pola que se convocaba o procedemento de selección de entidades sen ánimo de lucro para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións de medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, publicada no DOG o día 15 de xullo de 2015, de acordo co disposto nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Ante a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia enviouse un escrito á Fundación Pública Galega de Medicina con motivo da oferta institucional de prazas para convocar persoal en formación de apoio á xestión e promoción de I+D en distintos ámbitos, no marco do «Programa para a promoción de emprego xuvenil e implantación da Garantía Xuvenil en I+D+i», a fin de solicitar que debido ás características do posto ofertado referente a avaliación clínica e neurocognitiva de doentes afectados con trastorno do espectro do autismo, só pode ser desenvolvido por titulados en psicoloxía.

Ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

O 13 de xullo publicouse no DOG a Orde pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados no ensino de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional. Nesta orde dispónse a habilitación de oficio daquelas persoas habilitadas na LOE na materia de Filosofía e Cidadanía para a impartición da materia de Psicoloxía, optativa no bacharelato en varias comunidades autónomas. Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia manifestamos á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a nosa reivindicación de que esa materia debe ser impartida en calquera caso por profesionais da psicoloxía e non profesionais con titulacións alleas a este eido.

II Encontro Hispano-Luso

Os días 2 e 3 de outubro, a cidade de Santiago de Compostela será a sede de celebración do **II Encontro Hispano-Luso «Aportacións da psicoloxía á solución dos problemas actuais da sociedade»**, organizado polo Consejo General de la Psicología, a Ordem dos Psicólogos Portugueses e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

A organización deste encontro ten como obxectivo fundamental trasladar aos e ás profesionais e a comunidade, as achegas e accións que desde a psicoloxía hispano lusa se veñen aplicando á solución de problemáticas actuais.

No marco deste encontro farase entrega do I Premio Ibérico de la Psicología, dirixido a psicólogos e psicólogas que realizaran contribucións importantes no desenvolvemento da psicoloxía, en España e Portugal.

Máis información: [http://www.cop.es/index.php?page=Encuentro Hispano-Luso-Programa](http://www.cop.es/index.php?page=EncuentroHispano-Luso-Programa)

Inclúen as e os Psicólogos Clínicos no Proxecto de Lei de reforma do sistema para a valoración dos danos e prexuízos a vítimas de accidentes de tráfico

Este martes 14 de xullo, a Comisión de Economía e Competitividade do Congreso dos Deputados aprobou, con competencia lexislativa plena, o Proxecto de Lei que actualiza o sistema de valoración de danos e prexuízos causados ás persoas en accidentes de tráfico. Entre as emendas presentadas, inclúese un bloque de modificacións propostas polo Consejo General de la Psicología nas que solicita a inclusión do ou da profesional da psicoloxía clínica no apartado que lle é propio polas súas competencias sanitarias.

Máis información: www.infocop.es/view_article.asp?id_5765



AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuito reservado para que os colexiados e colexiadas poidan inserir anuncios por palabras, sobre alugueiro, compra-venda, ou para compartir despachos profesionais.

❑ Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.

❑ O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.

❑ Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: «Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000».

III Congreso de Psicología Profesional de Galicia



Os días 2, 3 e 4 de xuño de 2016 tes unha cita imprescindible en Santiago de Compostela: a 3ª edición do Congreso de Psicología Profesional de Galicia, baixo o título «Os camiños da psicología». O Comité Organizador está a traballar en elaborar un atractivo programa que aborde a nosa disciplina en profundidade a través das diferentes áreas de actividade. Queremos que este Congreso sexa un foro de alta calidade onde ofrecer novas respostas científico-profesionais nunha contorna cambiante co que contribuír ao sostido crecemento científico e ao recoñecemento social da psicología. Podes inscribirte a través da páxina web e se o desexas, podes enviar os teus traballos, en formato oral, escrito ou simposio.

Máis información e inscricións:

iiicongresodepsicologia.copgalicia.org



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

Medios de Comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/prensa> e <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/o-copg-nos-medios>. O COPG xa está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

- f Facebook:** <http://www.facebook.com/copgalicia>
- t Twitter:** www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia
- in LinkedIn:** <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicologo%C3%ADa-Galicia-4811703/about>

ANUNCIO

Compártese despacho de 25 m en gabinete de psicoloxía na R/ Nicaragua, 16 (15005) A Coruña.

Interesados poñerse en contacto a través dos teléfonos 625240203 / 651061028 ou do e-mail: psie.anaglez@gmail.com / abanoconsulta@yahoo.es

O teu número de colexiación ten moito valor: faino ver

O teu número de colexiación acredítate como profesional diante da sociedade: é o mellor aval para garantir que cumpres coa titulación e cos requisitos legais para exercer como psicólogo ou psicóloga, sexa cal sexa a túa especialidade ou área de traballo.

Faino público nos informes que elaboras, no teu espazo de traballo, nas túas comunicacións, etc.

Teño a obriga de colexiarme?

No conxunto do Estado español, é un **requisito indispensable** para o exercicio da profesión da psicoloxía estar incorporado ao Colexio Profesional correspondente. Todos os psicólogos e psicólogas que exerzan no ámbito público ou privado e baixo calquera fórmula de contratación, teñen esta obriga.

Este requisito recóllese do artigo 3.2 da Lei de Colexios Profesionais despois da reforma operada pola Lei 25/2009 (Lei Ómnibus), que mantén as obrigas vixentes.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Obradoiro

Organizado pola Sección, o sábado 13 de xuño tivo lugar na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o **Obradoiro «Aproximación ao audiovisual como ferramenta na intervención psicolóxica»**. Foi impartido polas profesionais no tema, **Ana Seijo Cuba**, psicóloga, DEA en psicoloxía social e terapeuta Gestalt; e **Sabela Pernas Soto**, realizadora e docente audiovisual. As persoas participantes tiveron a oportunidade de aprender como as canles audiovisuais poden resultar favorecedoras da expresión persoal e social.



Momentos do obradoiro



Formación

O vindeiro 10 de outubro terá lugar na sede do COPG, con motivo da xornada electoral da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, unha conferencia para reflexionar e debater sobre a temática dos menores e a familia. A conferencia será impartida por **María Jesús Álava Reyes**, licenciada en Psicoloxía pola Universidade Complutense de Madrid e experta en psicoterapia, e celebrárase en horario de mañá. Remitírase a información sobre o evento proximamente.

Grupo de traballo

Desde o mes de xullo contamos dentro da Sección cun novo **grupo de traballo sobre psicoloxía do envellecemento**. Todas as inquedanzas e achegas sobre este tema serán benvidas en prol dunha atención psicolóxica de calidade nesta etapa da vida.

En relación con este tema, agradeceremos a todas as persoas colexiadas que estean traballando neste eido que cubran e envíen o cuestionario de psicoxerontoloxía que se enviou a través do correo electrónico.

Informacións

- ▣ Nestes tempos cambiantes é de salientar a importancia de coñecer as normativas que son de especial interese no exercicio da nosa profesión. Desde a Sección invitamos a ler o Plan Galego de Política Familiar, a Carteira de Servizos Sociais de inclusión de Galicia, así como o Convenio de Intervención Social publicado no BOE do 7 de xullo de 2015. Tamén informamos que está en marcha a elaboración da Estratexia Galega de Discapacidade.
- ▣ Lembra que está creada a División de Psicoloxía da Intervención Social (PSISoc) do Consejo General de la Psicología. Para formar parte dela é preciso solicitalo a través do formulario que figura no enlace <http://www.cop.es/index.php?page=PSoc-formulario>. A afiliación á mesma é de balde.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/seccions/intervencion-social>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

Formación prevista

A Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organiza a xornada formativa «Afrontamento da crise de ansiedade no ámbito educativo», que terá lugar o xoves 24 de setembro no Salón de Actos do COPG. Coordinada por **Purificación Albete Iglesias**, membro da Xunta Directiva da Sección, será impartida por **Encarnación Sueiro Domínguez**, doutora en psicoloxía e licenciada en Pedagogía e Psicóloga Clínica do SERGAS na área sanitaria de Ourense.

A xornada ten como obxectivo capacitar os psicólogos e psicólogas do ámbito educativo de estratexias e recursos para afrontar unha crise de ansiedade e de xerar habilidades no alumnado para reducir o impacto dos acontecementos estresantes.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Educativa da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/seccions/educativa>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

AVISOS

Títulos de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía

Lembramos a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura ou grao e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro.

Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para arquivar no seu expediente colexial.

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/psicologia-e-saude>

Formación prevista

□ Os próximos 23 e 24 de outubro celebrarase en Santiago de Compostela o Curso «Actualización no tratamento cognitivo-condutual do TOC». Cunha duración de 12 horas, será impartido por **Juan Sevilá Gascó**, psicólogo clínico e director do Centro de Terapia de Conduta de Valencia; e coordinado por **Alicia Carballal Fernández**, vogal da Sección de Psicoloxía e Saúde.

□ Nos meses de novembro e decembro terá lugar o Curso «Rehabilitación neuropsicolóxica a través de casos clínicos» que, en sucesivas sesións clínicas, presentará as fases da rehabilitación neuropsicolóxica así como as súas técnicas e ferramentas básicas. As docentes serán **Rocío García Calvo**, psicóloga sanitaria da Asociación de Dano Cerebral Sarela (Santiago de Compostela); e **María Ester Asensio Cubero** e **Cecilia Otero Dadín**, ambas psicólogas sanitarias da Asociación Renacer (Ourense). O curso será coordinado por **Vanessa Vilas Riotorto**, membro do Grupo de Traballo de Neuropsicoloxía da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG.

Xornadas da Sección

O 20 e 21 de novembro terán lugar na cidade de Lugo as XX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, centradas este ano no tema da identidade e a personalidade. Baixo o título «Identidade e personalidade, de que estamos a falar?», trataranse temas como o desenvolvemento da identidade e a personalidade, a súa relación co poder e a violencia e a intervención psicolóxica neste ámbito. No marco das xornadas presentárase ademais o novo número do Anuario da Sección e celebrarase a Asemblea de Socios e Socias. O xoves 19 terán lugar, en horario de tarde, uns obradoiros previos ás Xornadas.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Foro «Psicoloxía coaching»


O vindeiro 19 de setembro no Salón de Actos do COPG terá lugar un foro sobre «Psicoloxía coaching. Compartindo experiencias», para debater sobre o exercicio profesional da ou do psicólogo do traballo nos escenarios do coaching. Participaran **Israel Villar Enjo**, coordinador do Grupo de Psicoloxía e Coaching da Sección de PTO; **Carmen Santos Chocán**, vicepresidenta da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía de Coaching do COP Catalunya; e **Luis Picazo Martínez**, vogal da Xunta de Goberno e membro da Sección de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos do COP Madrid. O foro, aberto aos colexiados e colexiadas do COPG, ten como obxectivo analizar o estado actual das actividades de «coaching», aclarar as competencias profesionais e establecer criterios previos de acreditación.

Máis información: <http://copg.copgalicia.org/novas/seccion-de-psicologia-do-traballo-e-das-organizacions/foro-psicologia-coaching-compartindo>

Lexislación sobre seguridade e saúde no traballo

Lembramos aos colexiados e colexiadas con actividades profesionais relacionadas coa prevención e a saúde laboral que recentemente o Consejo de Ministros aprobou a «Estratexia de seguridade e saúde no traballo para os anos 2015-2020». Un dos obxectivos que considera esta nova folia de ruta é potenciar actuacións das Administracións Públicas en materia de análise, investigación, promoción, apoio, asesoramento, vixilancia e control da prevención de riscos laborais. O Grupo de Traballo sobre Saúde e Benestar Ocupacional da Sección valorará os plans de acción e medidas concretas que se desprenden do novo texto lexislativo.

Máis información: http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/ESTRATEGIA%20SST%2015_20.pdf



AVISO

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

PTORH

División de Psicología
del Trabajo,
Organizaciones y
Recursos Humanos



Membros da Xunta Directiva
da División PTORH

Encontro coa División PTORH do Consejo General de la Psicología

A Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións do COPG celebrará o 1 de outubro un encontro en Santiago de Compostela coa Xunta Directiva da División de Psicología do Traballo, das Organizacións e Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de la Psicología para tratar distintos proxectos de interese profesional e abordar o tema da «Ética e deontoloxía, as boas prácticas do/a psicólogo/a do traballo».

Na mesma xornada de traballo terá lugar a reunión da Xunta Directiva da División PTORH, que elaborará propostas de obxectivos para 2016 e aprobará as medidas para adaptar a súa estrutura e funcionamento interno de acordo co proxecto de modificación do regulamento marco das divisións profesionais presentado o pasado mes de xuño na Xunta de Goberno do Consejo General de la Psicología. Informaremos en breve sobre a citada xornada de traballo que se celebrará no Salón de Actos do COPG.

EuroPsy en Psicología do Traballo e das Organizacións (WOP)

No III Encontro que celebraron recentemente na sede do COP da Comunitat Valenciana as persoas representantes das Seccións de PTO dos distintos colexios territoriais presentáronse os avances e o estado actual do procedemento do Certificado EuroPsy en PTO, sendo as súas temáticas, os requisitos previos e as evidencias das competencias adquiridas, motivo de debate tanto no citado encontro como no Foro de «Psicología e Empresa» organizado pola División PTORH o pasado 27 de xuño na Confederación Empresarial Valenciana.

A Xunta Directiva da División PTORH que celebrará a súa próxima reunión o 1 de outubro no COPG, analizará a posta en marcha do procedemento do EuroPsy en PTO, ao mesmo tempo que presentará o Congreso de «Psicoloxía do Traballo e Recursos Humanos» (2016). Na reunión tomaranse acordos sobre a modificacións do seu regulamento interno de funcionamento, as estratexias de difusión da Norma UNE-ISO 10667 sobre avaliación de contextos laborais e sobre as novas iniciativas de accións formativas.

Máis información sobre o EuroPsy:

http://www.infocop.es/view_article.asp?id=5614

<http://www.europsych.cop.es/>

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG:

<http://copg.copgalicia.org/seccions/traballo-e-das-organizacions>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

Grupos de traballo

Actualmente na Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG están configurados dous grupos de traballo. Un grupo sobre a «**Psicoloxía xurídica e o ámbito de protección de menores**» e outro sobre a «**Psicoloxía xurídica e o ámbito de reforma de menores**».

Estase a iniciar a creación do grupo de traballo en «**Psicoloxía xurídica das forzas e corpos de seguridade do estado**». Desde a Xunta Directiva da Sección informouse ao todos os socios e socias da Sección para que quen, pola súa experiencia ou formación neste eido, teña interese en participar neste novo grupo de traballo poidan facelo.

O obxectivo destes grupos de traballo, será editar por cada grupo unha guía de práctica profesional, que será publicada pola Sección e enviada a todos os membros tal e como xa se fixo coa «Guía de boa práctica para o/a perito/a psicólogo/a forense».

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Xurídica da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/seccions/xuridica>

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Protocolo

O Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) acaba de editar un Protocolo de Intervención Psicolóxica en Centros Educativos, destinado a informar a profesionais que traballan no ámbito educativo sobre como actuar cos alumnos do seu centro en caso de emerxencia. Este protocolo xa pode ser consultado na páxina web do COPG no enlace: http://copg.copgalicia.org/system/files/PDFs/xerais/protocolo_actuacion_en_centros_educativos_galego.pdf



Enlace ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/grupos-comisiones/gipce>

Formación interna

A área de formación está traballando nun seminario, que se celebrará no mes de novembro próximo, sobre a intervención do GIPCE en varios afundimentos que tiveron lugar nos últimos anos en Galicia.

Formación externa

Seguindo o plan formativo da Policía Local no que o GIPCE colabora coa Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) está previsto impartir a segunda edición de tres cursos entre setembro e outubro deste mesmo ano. Estes curso abordarán os aspectos psicolóxicos das mulleres vítimas da violencia de xénero, a intervención en catástrofes e emerxencias e as habilidades e comunicación con menores en risco de exclusión.



HOMOLOGADO POLA
FEDERACIÓN ESPAÑOLA
DE ASOCIACIÓNS
DE TERAPIA FAMILIAR
EFTA, MEMBERSHIP

PSICOESTUDIO

Telf: 986 295 621

N. R. S.: C-36-001546

KARMA

Telf: 986 471 439

N. R. S.: C-36-000861

www.formacioncambio.com
psicoestudio@psicoestudio.com
karmapsicologia@mundo-r.com

Grupos reducidos

Seminarios con especialistas

Prácticas en vivo supervisadas

Horarios e contidos adaptados

ao/a alumno/a ou profesional interesado/a

equipo de formación e supervisión:

José Manuel González Alonso
Celia Cameselle Taboada
José Antonio Muñiz Torrado
Manuel Lopo Lago

colaboradores asociados:

Emilio Gutiérrez García
(Unidade Venres Clínico
Universidade Santiago de Compostela)
José Luis Rodríguez-Arias Palomo
(Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, C.H.U.A.C.)

O consentimento para a intervención con fillos e fillas menores de proxenitores en conflito

A actividade da Comisión de Ética e Deontolóxica (CED) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia está revelando un notable número de queixas contra o labor profesional dos psicólogos e psicólogas en relación ao dereito á información dos/as usuarios/as, é dicir, sobre os artigos 25¹ e 42² do Código Deontolóxico do Psicólogo. Arredor dun 36% das denuncias presentadas no ano 2014 contiñan algunha referencia a eses dous artigos. A preocupación advertida pola CED sobre os asuntos relacionados con estes dous artigos, a raíz das diversas consultas realizadas polos e polas profesionais, é aínda maior.

Un 63% das consultas realizadas á CED durante o pasado ano contemplaron na súa resposta algunha referencia ao artigo 25 do Código Deontolóxico do Psicólogo. As referencias ao artigo 42 producíronse nun 30% das consultas do mesmo ano.

A preocupación da Comisión de Ética e Deontoloxía sobre o dereito á información dos pais e nais dos e das menores atendidas por profesionais da Psicoloxía e o xeito en que esta obriga deontolóxica se viu tratando foi motivo de varias colaboracións da CED coa Circular Informativa do COPG: *O dereito á información dos pais* (Circular Informativa Nº 231), *Interpretación do artigo*

1 Artigo 25º

Cando se faga cargo dunha intervención sobre persoas, grupos, institucións ou comunidade, o/a psicólogo/a ofrecerá a información adecuada as características esenciais da relación establecida, os problemas que está abordando, os obxectivos que se propón e o método utilizado. No caso de menores de idade ou legalmente incapacitados, farase saber aos seus pais ou titores. En calquera caso, evitárase a manipulación das persoas e tenderase cara á consecución do seu desenvolvemento e autonomía.

2 Artigo 42º

Cando a dita avaliación ou intervención a solicitou outra persoa-xuíces, profesionais do ensino, pais, empregadores, ou calquera outro solicitante diferente do suxeito avaliado-, este último ou os seus pais ou titores terán dereito a ser informados do feito da avaliación ou intervención e do destinatario do informe psicolóxico conseguinte. O suxeito dun informe psicolóxico ten dereito a coñecer o contido do mesmo, sempre que disto non se derive un grave prexuízo para o suxeito ou para o/a psicólogo/a, e aínda que a solicitude da súa realización a fixesen outras persoas.

25 do CDP (Circular Informativa Nº 235) e *O Consentimento informado* (Circular Informativa Nº 237). A atención prestada a estes mesmos asuntos dun modo máis tanxencial noutras Circulares lévanos a concluír que a preocupación por este tema é unha constante ao longo dos últimos anos.

Na experiencia da CED atopamos que é no ámbito forense, máis en concreto na peritaxe sobre a garda e custodia de fillas e fillos menores e sobre todo na práctica privada, onde fundamentalmente se presentan as queixas contras as intervencións profesionais referidas ao dereito de información das nais e pais.

A interpretación que desde a CED se fai do artigo 25 do Código Deontolóxico do Psicólogo, recollida na circular Nº 235, apoiándose no artigo 156 do Código Civil, estima que, tratándose de pais e nais en posesión da patria potestade³, presuponse que o psicólogo ou psicóloga actúa como un terceiro de boa fe, asumindo que o proxenitor ou proxenitora que trae o seu fillo ou filla á consulta ou ao despacho do ou da profesional faino co consentimento expreso ou tácito do outro. Pola contra, esta presuposición de boa fe, por parte tanto da psicóloga ou psicólogo como do proxenitor ou proxenitora que acode coa súa filla ou fillo pode dar lugar a unha situación na que o outro proxenitor ou proxenitora quede, sen máis, privado da información da eventual intervención sobre o seu fillo ou filla.

Ante situacións como esta, de vulneración virtual de dereitos dun dos proxenitores ou proxenitoras, a intervención podería entrar en risco de conculcar tamén o principio de imparcialidade recollido no artigo 15 do noso Código Deontolóxico⁴. A CED, a

³ Lémbrese que a decisión sobre o tratamento psicolóxico dos menores é un asunto que concirne á patria potestade e non á custodia, salvo atribución expresa por parte dun tribunal xudicial (Circular Informativa nº 242, «Aclarando conceptos» sobre as diferenzas entre patria potestade e custodia).

4 Artigo 15º

Cando se ache diante de intereses persoais ou institucionais contrapostos, procurará o/a psicólogo/a realizar a súa actividade con máxima imparcialidade. A prestación de servizos nunha institución non exime da consideración, respecto e atención ás persoas que poidan entrar en conflito coa institución mesma e das cales o/a psicólogo/a, naquelas ocasións en que lexitivamente proceda, haberá de facerse valedor ante as autoridades institucionais.

través da Circular Nº 231, propuxo que os e as profesionais deberían valorar coidadosamente este tipo de situacións e facer as recomendacións oportunas á proxenitora ou proxenitor presente para facilitar tamén a comunicación ao non presente.

Neste momento, desde a Comisión de Ética e Deontoloxía opinamos que chegou o momento de animar os e as colegas que se enfrontan profesionalmente a este tipo de situacións a que dean un paso adiante no compromiso ético de facilitar as condicións para a comunicación a ambos proxenitores a intervención cos seus fillos e fillas menores.

Neste sentido, cremos que podería ser interesante comunicar á proxenitora ou proxenitor presente a necesidade, como un deber deontolóxico do profesional, de que o outro proxenitor sexa informado sobre a intervención (natureza, finalidade, etc.) que se pretende levar a cabo co súa filla ou fillo menor.

Ante a posibilidade de que a relación entre os proxenitores non facilite o contacto entre eles, animaríase á ou ao profesional a que brinde ao proxenitor ou proxenitora a súa colaboración para facer que o dereito á información da outra proxenitora ou proxenitor sexa efectivo (por exemplo, valorando ou discutindo co proxenitor ou proxenitora presente diferentes modos de proceder). Sería recomendable e prudente que dalgunha maneira quedase constancia escrita no expediente ou historia do caso das accións levadas a cabo. Incluso sería posible deseñar un formulario no que a proxenitora ou proxenitor subscribise o feito de ter sido informado da súa responsabilidade e de ter recibido por parte do ou da profesional as recomendacións oportunas.

Noutras ocasións danse casos nos que a conflitiva entre proxenitores é tan evidente que o recurso á boa fe do profesional como terceiro que intervéñ (nos termos recollidos no artigo 156 do Código Civil) non se pode asumir.

Nestas situacións o risco de vulneración de preceptos deontolóxicos multiplícase. Ademais dos xa mencionados artigos 15 e 25 do Código Deontolóxico do Psicólogo, a infracción máis común refírese, en termos de vulneración do dereito á información, ao artigo 42.

Aquí atopamos que con certa frecuencia a valoración do sistema familiar nas actuacións denunciadas ante a CED realizouse sen



avaliar directamente a todos os membros significativos (a pesar do acordo xeneralizado existente entre as e os profesionais de que este tipo de valoracións debe incluír indefectiblemente a ambos proxenitores). Así, chegan a emitirse informacións sobre un dos proxenitores sen que teña sido efectivamente avaliado. Non acostuma quedar claro de onde proceden tales informacións, pero decotío parecen provir do relato dalgún ou de varios restantes membros da familia e non é infrecuente que tales informacións se tomen como elementos avaliativos dos que se derivan conclusións e recomendacións de transcendencia para a finalidade do informe. O que en ocasións entraña a vulneración tamén do artigo 48 do Código Deontolóxico do Psicólogo⁵ ao utilizarse información que non foi convenientemente contrastada. Porén, o relevante desde o punto de vista do dereito á información estriba en que a información referida á proxenitora ou proxenitor non presente acostuma ser de máxima privacidade. Decotío preséntanse referencias a datos de saúde, tanto física como mental, datos sobre a súa intimidade, etc. E que –independentemente da súa veracidade e pertinencia– se fan constar no informe sen ter solicitado o correspondente e oportuno consentimento da persoa interesada. Nestes casos, onde o conflito entre proxenitores é obvio, recoméndase aclarar ao proxenitor ou proxenitora que solicita a intervención que para poder realizar a tarefa é indispensable contar co consentimento de todas as persoas que legalmente estean en condicións de prestalo⁶. Aínda que o consentimento habitualmente pode prestarse de modo verbal, as complicacións que poden derivarse destas situacións suxire que quede convenientemente rexistrado no historial

⁵ Artigo 48º

Os informes psicolóxicos haberán de ser claros, precisos, rigorosos e intelixibles para o seu destinatario. Deberán expresar o seu alcance e limitación, o grao de certeza que sobre os seus varios contidos teña o informante, o seu carácter actual ou temporal, as técnicas utilizadas para a súa elaboración, facendo constar en todo caso os datos do profesional que emite.

⁶ Nos termos previstos na Lei 41/2002, de 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica (BOE nº274 de 15/11/2002).

ou expediente onde se recolle a documentación relacionada co caso. Incluso non se debería rexeitar a posibilidade de que os devanditos consentimentos se recollan por escrito por medio dun formulario no que quede constancia das características da intervención e o consentimento dos usuarios e usuarias para levarlos a cabo.

Evidentemente as ideas, as opinións e as suxestións que se presentan neste escrito non teñen un carácter vinculante, xa que a decisión final queda nas mans da ou do profesional que resulta ser o último responsable das actuacións.

Enlace ao apartado da Comisión de Ética e Deontoloxía da páxina web do COPG:

<http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/comision-de-etica-e-deontoloxia>

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, xornadas e congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

<http://copg.copgalicia.org/actividades/externas>

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

XORNADA FORMATIVA: AFRONTAMENTO DA CRISE DE ANSIEDADE NO ÁMBITO EDUCATIVO

Datas: 24 de setembro de 2015.

Lugar: Santiago de Compostela

Organiza: Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

CURSO: ACTUALIZACIÓN DE TRATAMENTO COGNITIVO-CONDUCTUAL DO TRASTORNO OBSESIVO COMPULSIVO

Datas: 23 e 24 de outubro de 2015.

Lugar: Santiago de Compostela

Organiza: Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

III CONGRESO DE PSICOLOXÍA PROFESIONAL DE GALICIA

Datas: 2, 3 e 4 de xuño de 2016

Lugar: Pazo de Congresos de Santiago de Compostela

Organiza: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

SERVIZOS A COLEXIADOS E COLEXIADAS

www.copgalicia.es

PUBLICACIÓNS

- ▣ Circular Informativa
- ▣ Cadernos de Psicoloxía
- ▣ Papeles del Psicólogo
- ▣ Infocop
- ▣ Memoria

FONDOS DOCUMENTAIS

- ▣ Servizo de biblioteca na sede do COPG
- ▣ Convenio coa biblioteca da Facultade de Psicoloxía da USC

ASESORÍAS

Servizo gratuíto de consulta para colexiados e colexiadas de asesoría fiscal e xurídica

PROFESIÓN

- ▣ Quenda Informes Periciais
- ▣ Privado. Solicitud de atención psicólogos/as
- ▣ Publicidade
- ▣ Distribución de ofertas formativas

ACREDITACIÓNS

Acreditación de Psicólogo/a Experto/a en Neuropsicoloxía Clínica

INTERNET

- ▣ Conta de correo electrónico e acceso a través do servidor do COPG
- ▣ Páxina web do COPG
- ▣ Redes sociais

FORMACIÓN – EMPREGO

- ▣ Programa formativo anual do COPG
- ▣ Información laboral
- ▣ Información de convocatorias de oposicións

EMPRÉSTITO DE MATERIAL

Material de avaliación psicolóxica a disposición dos colexiados e colexiadas

PROTECCIÓN DE DATOS

Convenio de colaboración coa empresa PROTEXDAT en relación á servizos de consulta en cuestión de protección de datos de carácter persoal

DESCONTOS ALOXAMENTO

10% para os colexiados e colexiadas en aloxamento a través da páxina web TusCasasRurais.com para casas rurais por toda España

RESPONSABILIDADE CIVIL

Convenio colectivo coa correduría de Seguros Broker's 88 para a contratación de póliza de seguro de responsabilidade civil profesional colectivo (Zurich)

SEGURO VIDA/ACCIDENTES

Seguro colectivo para colexiados e colexiadas coa correduría de seguros MAPFRE

ASISTENCIA SANITARIA

- ▣ Seguro para colexiados e colexiadas e as súas familias MAPFRE-Caja Salud
- ▣ Seguro ASISA-BROKER'S 88
- ▣ Seguro de SANITAS



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

HORARIO

Inverno

De luns a xoves de 9.00 a 14.00 h
e de 16.00 a 21.00 h, e os venres
de 9.00 a 14.00 h

Verán

Do 1 ao 30 de setembro

De luns a venres de 8.00 a 15.00 h,
martes de 17.00 a 21.00 h

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionais
de Psicólogos

1980 2015
35 anos
medrando coa
profesión